



Concello de Moaña

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

REANUDACIÓN DOS PRAZOS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DO PLAN CONCELLOS 2020.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo), modificado polo Real decreto 465/2020 (BOE núm. 73, do 18 de marzo), establece no apartado primeiro da disposición adicional terceira que “se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público”.

Non obstante, o apartado cuarto da mesma disposición adicional terceira, na redacción dada polo Real decreto 465/2020, establece que “sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.

A resolución da alcaldía de data 13/03/2020 de medidas do Concello de Moaña ante a crise do coronavirus estableceu, en canto ás probas selectivas, que só se desenvolverán aqueles procesos selectivos que resulten imprescindibles. Debe dispoñerse a súa celebración nunha sala ou local que permita a separación mínima recomendada entre as persoas participantes, así como as medidas de hixiene oportunas.

En vista do anterior o tribunal cualificador do proceso de selección do persoal que será contratado ao amparo da Liña 3 do Plan Concellos 2020 comunicou a suspensión do proceso selectivo.

Na actualidade, aínda que continúa decretado o estado de alarma, é básico para o Concello de Moaña poder dar continuidade a este proceso de selección por varias razóns; porque as 30 persoas traballadoras a contratar axudarían a aliviar considerablemente a acumulación de traballo que o departamento de servizos do Concello soporta nestes momentos como consecuencia da suspensión de actividade dos últimos meses e tamén porque suporá que 30 persoas en situación de desemprego pasen a percibir un salario, feito que axudará á recuperación económica.

Polo anterior resulta preciso reanudar os prazos e continuar o procedemento de selección de persoal do Plan Concellos 2020.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 4RTHHYMLHLGDANN95ZENCYY7 | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello de Moaña

As bases de selección do persoal do Plan Concellos 2020 foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía Número: 2020-0209 de data 04/03/2020 .

Ademais de acordar a reanudación de prazos é precisa a modificación destas bases de selección do persoal en varios aspectos:

- Duración dos contratos. As bases de selección do plan concellos 2020 establecían que para 7 postos de persoas limpadoras e 1 posto de conserxe a duración dos seus contratos sería de 9 meses. Sen embargo, as bases reguladoras e convocatoria do Plan concellos 2020 (BOPP do 02/01/2020) establecen que os contratos subvencionados ao amparo do Plan Concellos deben ser executados na súa totalidade dentro do ano 2020. Dadas as datas nas que nos atopamos resulta imposible a execución de contratos de 9 meses na súa totalidade dentro deste ano, polo que o Concello de Moaña solicitou ante a Deputación de Pontevedra unha modificación na resolución de subvención da Liña 3, emprego, do Plan Concellos 2020, pola que se eliminan os contratos de 9 meses de duración, pasando a ter os mais longos unha duración de 6 meses. A Deputación de Pontevedra, mediante acordo da súa Xunta de Goberno de data 04/05/2020 aprobou esta modificación na subvención concedida ao Concello de Moaña ao amparo da Liña 3 do Plan Concellos.

- Datas do proceso selectivo. É preciso establecer as novas datas nas que se desenvolverá o proceso selectivo. Tendo en conta que os prazos e procedementos administrativos se suspenderon o 14 de marzo (sábado) e que as bases de selección do plan concellos establecían un prazo de presentación de instancias ata o 16 de marzo (luns), debe reanudarse o prazo de presentación de instancias por un total de 1 día hábil.

Tendo en conta os antecedentes, necesidades e fundamentos legais expostos

RESOLVO:

PRIMEIRO- Avocar para este asunto as competencias delegadas na xunta de goberno municipal debido á urxencia na continuación do procedemento.

SEGUNDO- Reanudar os prazos e continuar o procedemento de selección de persoal do Plan Concellos 2020, por resultar indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento dos servizos básicos.

TERCEIRO- Modificar o último parágrafo e cadro explicativo da base primeira, obxecto, das bases de selección do persoal que será contratado ao amparo da Liña 3. Emprego. Plan Concellos 2020, que quedan como segue:

Os postos de traballo a cubrir, así como os salarios e a duración dos contratos son os que se indican na seguinte táboa:





Concello de Moaña

CATEGORIA PROFESIONAL	SALARIO	Nº TRABALLAD.	Nº MESES
OFICIAL ALBANEL	1688,22	1	6
OFICIAL CARPINTEIRO/A	1688,22	1	6
OFICIAL FONTANEIRO/A	1688,22	1	3
OFICIAL ELECTRICISTA	1688,22	1	3
PEÓN OBRA PUBLICA	1302,78	4	6
PEÓN ESPECIALISTA MEDIOAMBIENTE	1470,59	2	6
PEÓN MEDIOAMBIENTE-FORESTAL	1302,78	4	6
PEÓN ESPECIALISTA XARDINEIRO	1470,59	2	6
AXUDANTE XARDINEIRO	1302,78	3	6
LIMPADORA	1257,04	4	4
LIMPADORA	1257,04	3	6
CONSERXE	1461,45	3	6
CONSERXE	1461,45	1	4

CUARTO- Modificar o primeiro parágrafo da base terceira, solicitudes, que queda como segue:

“As persoas que aínda non presentaran a súa solicitude de participación no proceso selectivo poderán facelo o **día 15 de maio de 2020 en horario de 9:00 a 14:00 horas.**”

As solicitudes, segundo o modelo Anexo I a estas bases, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse á Alcaldesa da Corporación e presentaranse no rexistro do concello con cita telefonica previa.”

QUINTO- Modificar o cuarto parágrafo da base quinta, sistema de selección e cualificación, que queda como segue:

Para a selección dos postos de limpador/a consideraranse seleccionadas para os contratos de 6 meses de duración as 3 persoas candidatas que mellor puntuación acaden e para os contratos de 4 meses as catro persoas seguintes con mellor puntuación.

Para a selección dos postos de conserxe, consideraranse seleccionadas para os contratos de 6 meses de duración as 3 persoas candidatas que mellor puntuación acaden e para o contrato de 4 meses a seguinte persoa candidata que acade mellor puntuación.

SEXTO- Modificar a base sétima, prazos, das bases de selección do persoal que será contratado ao amparo da liña 3. emprego. plan concellos 2020, que queda como segue:

PRAZOS:

Último día de prazo para presentación de instancias: Día 15 de maio de 2020.

Listaxe provisional de admitidos e excluídos: Día 19 de maio de 2020.

Período de alegacións: día 20 de maio.

Listaxe definitivo de admitidos e excluídos: Día 21 de maio.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

Probas prácticas: Levaranse a cabo nas instalacións do Patronato Municipal Beiramar nas datas e horas indicadas nas seguintes táboas

CATEGORÍA PROFESIONAL	DATA E HORA DA PROBA PRÁCTICA
OFICIAL 1º ALBANEL	Día 25 de maio ás 8:30. Todos
OFICIAL 1º CARPINTEIRO/A	Día 25 de maio ás 9:00. Todos
OFICIAL 1º FONTANEIRO/A	Día 25 de maio ás 9:30. Todos
OFICIAL 1º ELECTRICISTA	Día 25 de maio ás 10:00. Todos
PEÓN OBRA PUBLICA	Día 25 de maio - Ás 10:30 candidatos/as que os seu primeiro apelido comece polas letras A,B, ou C. - Ás 11:00 candidatos/as que os seu primeiro apelido comece polas letras D ou G. - Ás 12:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras L,M ou P - Ás 12:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras S ou T
PEÓN ESPECIALISTA MEDIOAMB. FORESTAL	Día 26 de maio ás 8:30. Todos.
PEÓN MEDIOAMBIENTE-FORESTAL	Día 26 de maio - Ás 9:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras A ou C. - Ás 10:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece pola letras G, J, M, N ou O - Ás 10:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras P, R ou S
PEÓN ESPECIALISTA XARDINEIRO/A	Día 26 de maio -As 11:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras C, D ou F - Ás 11:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras I, M, R ou S
AXUDANTE XARDINEIRO/A	Día 26 de maio - Ás 12:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras B, C ou D - Ás 13:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras E, F ou G - Ás 13:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras P, R ou S

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 4RTHHYMLHGDANN95ZENCYX7 | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



Concello de Moaña

LIMPADOR/A	Día 27 de maio - Ás 8:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras A, B ou C - Ás 9:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece pola letras D, F ou G - Ás 9:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras M, N ou O - Ás 10:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece pola letra P - Ás 11:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece pola letras R ou S
CONSERXE	Día 27 de maio - Ás 12:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras A, B ou C - Ás 12:30 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece pola letras G, L, M ou P - Ás 13:00 candidatos/as que o seu primeiro apelido comece polas letras R, S ou V

Listaxe de resultados provisionais: Día 27 de maio.

Período de alegacións aos resultados provisionais: Día 28 de maio

Listaxe de resultados definitivos: Día 29 de maio de 2020.

SÉTIMO- O restante contido das bases de selección do persoal que será contratado ao amparo da liña 3. Emprego. Plan Concellos 2020, mantense na súa totalidade excepto o Anexo I (continuación). As datas e horas das probas prácticas son as que se establecen na presente resolución.

OITAVO- Comunicar esta resolución ás persoas interesadas, en cumprimento dos artigos 40 e seguintes da LPAC.

NOVENO- Publicar esta resolución na sede electrónica do Concello de Moaña e no seu taboleiro de anuncios.

A ALCALDESA
DIANTE DE MIN
A SECRETARIA

Leticia Santos Paz

Paula Piñeiro Camiña.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

